

## CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA ARRANXO URBANIZACIÓN DO PM5-03. O MILLADOIRO

Na Casa do Concello de Ames a 22 de maio de 2018

### REÚNENSE:

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaria do Concello, D<sup>a</sup> Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2018.

Doutra parte, D. Ponciano Nieto González, con DNI nº 05556203-R, na representación de Construcciones Ponciano Nieto, S.L., con C.I.F. B-15293145 e domicilio no lugar de Agra dos Cregos nº 28 - baixo de Zas (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "**arranxo urbanización do PM5-03. O Milladoiro**", e ó obxecto establecen as seguintes

### CLÁUSULAS:

1<sup>a</sup>.- O Concello de Ames adxudica a Construcciones Ponciano Nieto, SL a realización das obras comprendidas no proxecto de "**arranxo urbanización do PM5-03. O Milladoiro**" no prezo de cento noventa e un mil catrocentos cincuenta e nove euros e corenta e cinco céntimos (**191.459,45.- €**) máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende á contía de corenta mil douscentos seis euros e corenta e oito céntimos (**40.206,48.- €**), de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2<sup>a</sup>.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3<sup>a</sup>.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4<sup>a</sup>.- A obra será executada no prazo máximo de 9 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5<sup>a</sup>.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **9.572,97 €**, mediante aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.), inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº. 49.682 correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.


6<sup>a</sup>.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-



A SECRETARIA,-



O CONTRATISTA,-

